

## NOTA INFORMATIVA Elección de destino OPE

Está previsto que o xoves 10 de novembro se publiquen no Diario Oficial de Galicia as resolucións polas que se aproban as relacións de aspirantes definitivamente seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso nas categorías de facultativo/a especialista de área, médico/a de admisión e documentación clínica, médico/a de urxencias, médico/a asistencial do 061, técnico/a en farmacia, técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía, técnico/a superior en hixiene bucodental, técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico, técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico e técnico/a superior en radioterapia, e se inicia o prazo para a elección de destino.

Para o seu coñecemento publicase a relación das prazas ofertadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde.

**Procedemento:** A elección de destino realizarase a través do sistema de información Fides/expedient-e, efectuarase por orde de preferencia e requirirá a sinatura electrónica e presentación por rexistro electrónico.

Para o rexistro electrónico do formulario de selección requirirase un certificado dixital válido, expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre ou Camerfirma ou DNI electrónico.

Para máis información pode consultar a páxina web do Servizo Galego de Saúde-Emprego público-OPE-Oferta pública de emprego, onde dispón de axudas sobre o procedemento de elección de destino vía telemática.

Tamén pode dirixirse ao enderezo de correo electrónico de: [oposicions@sergas.es](mailto:oposicions@sergas.es) ou á Unidade de Validación da súa Área Sanitaria.

DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS  
Complexo Administrativo de San Lázaro  
15781 Santiago de Compostela  
T. 881 542 800  
[recursos.humanos@sergas.gal](mailto:recursos.humanos@sergas.gal)  
[www.sergas.gal](http://www.sergas.gal)